

Presentadas 210 obras ao certame literario Manuel Oreste Rodríguez de Paradela

O Concello celebra os 30 anos destes premios, con Martiño Maseda, Pedro Rielo e José Manuel Brea como gañadores



Membros do xurado, reunidos no salón de plenos de Paradela para fallar os premios. EP



ANA CASANOVA

31/MAY/25 - 15:11 ACTUALIZADO: 31/MAY/25 - 15:11

PUBLICIDAD

✉ 🗑 📄 🌐 📧 📧 📧

O certame literario **Manuel Oreste Rodríguez López**, convocado polo **Concello de Paradela**, cumpre 30 anos cunha edición na que recibiu **210 obras** — 74 de poesía, 123 de narrativa e 13 sobre o Camiño de Santiago —, modalidades dotadas cada unha con **mil euros** e nas que gañaron, respectivamente, **Martiño Maseda, Pedro Rielo e José Manuel Brea**.



Paradela dedica 7.000 euros al concurso literario Manuel Oreste Rodríguez

O xurado, presidido pola rexedora de Paradela, **Montserrat Mulet**, contou co tenente de alcaldesa, **José Manuel Mato**; o escritor e xornalista **Xulio Xiz**; o avogado, investigador e escritor **Xaime Félix López**, que se incorporou por primeira vez; e o director de Galicia Dixital, **Antonio Giz**, dando fe do acto a secretaria do Concello, **Ruth López-Mosquera**.

Constituíuse en ausencia de **Valentín García, Xavier Rodríguez Barrio, Irene López e Carlos Rodríguez**, estes últimos viúva e neto, respectivamente, do autor que dá nome ao certame.

Doce distincións en poesía e narrativa

Por unanimidade, acordaron outorgar o galardón de poesía ao vilalbés **Martiño Maseda Lozano** pola obra *Outono na flor dos dedos*. O segundo premio recaeu en **Esteban Torres Sagra** e houbo, ademais, accésits para **Elena Pérez e Luis Alfredo Aguilar**, así como mencións de honra para **María Soledad García e Pedro Rielo**.

Este escritor e xornalista pontevedrés foi tamén o gañador de narrativa, co relato *Unha aldea en Marte*, seguido de **Ricardo Cano**. Asemade, o xurado recoñeceu con accésits e mencións a **Melinda Dacosta, Joaquín Correa, José Ignacio Tamayo e Juan Carlos Fernández**.

Unha categoría especial para o Camiño de Santiago

Pola súa banda, na categoría especial dedicada á ruta xacobeá venceu o vigués **José Manuel Brea Feijoo** co traballo *Romances del Camino de Santiago*.

A alcaldesa destacou a gran difusión do certame, contándose entre os premiados autores de **Xaén, Zaragoza, Madrid ou Guatemala**.